


## A mobilidade estudiantil: desde o século XIII ao Programa Erasmus

**Este volume reúne os relatorios presentados ao XIII COLOQUIO EN COMPOSTELA DE LA CÁTEDRA UNESCO SOBRE MIGRACIONES, celebrado en novembro de 2018. Sete autores reflexionan, desde diferentes universidades hispánicas, sobre a mobilidade estudiantil desde o século XIII á actualidade. A edición está ao coidado de Camilo Fernández Cortizo e Domingo Luis González Lopo.**

SANTIAGO DE COMPOSTELA, VERÁN 2020.- Na historiografía das últimas décadas sobre a Historia das universidades un apartado moi frecuente é o referido ás estatísticas da poboación escolar e á mobilidade territorial e social, á peregrinatio academica, xustificándose así a súa elección como tema central e condutor do *XIII Coloquio en Compostela de Cátedra UNESCO sobre Migraciones* celebrado os días 8 e 9 de novembro de 2018.

Os seis relatorios presentados, que se reúnen no presente volume, reconstrúen a traxectoria de diferentes universidades hispánicas, certamente de moi diversa relevancia académica e proxección exterior, ubicadas na súa maior parte en territorio peninsular: Coimbra (F. Taveira da Fonseca), universidades da Corona de Aragón (R. Ramis Barceló), Salamanca (Luis E. Ro-



FICHA TECNICA

Formato: 15,5 x 23 cms, 264 pp. PVP: 19,50 €  
ISBN 978-84-16460-82-3

dríguez-San Pedro Bezares) e Santiago de Compostela (P. Saavedra Fernández), ás que se suma a Universidade de México (A. Pavón Romero).

A diferenza dos capítulos anteriores, o final aborda xa outra problemática máis actual e internacional, a derivada da globalización e da mobilidade estudiantil a través do Programa Erasmus (D. Malet Calvo).

Así mesmo, os diferentes traballos presentan unha panorámica universitaria na longa duración, cuxos límites cronolóxicos van desde o século XIII, no caso do estudo das universidades da Corona de Aragón (R. Ramis Barceló), ata a actualidade no capítulo final, sobre “o caso do Programa Erasmus” (D. Malet Calvo).

Contacto con Domingo L. Glez Lopo: [domingoluis.gonzalez@usc.es](mailto:domingoluis.gonzalez@usc.es)



# Nota de Prensa

NOVIDADE  
EDITORIAL



EDITORA  
**alvarellos**

